

## Manifiesto de ITD para o Día Internacional da Muller de 2024

**“As mulleres están máis golpeadas polo desemprego, a brecha salarial, a temporalidade, a parcialidade, e a súa participación na toma de decisións das empresas segue sendo inferior”<sup>1</sup>.**

As organizacións que formamos parte da iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD), denunciamos a situación de desigualdade que continúan sufrindo as mulleres e hoxe máis que nunca reclamamos un traballo que supoña que mulleres e homes traballamos en igualdade, dignidade, liberdade e seguridade: **“Por ti, polo meu traballo decente”**.

**Os coidados como piar invisible.** O 8 de marzo é un recordatorio constante da loita incansable das mulleres pola igualdade, a xustiza e o recoñecemento en todos os ámbitos. Un aspecto fundamental é o papel nos coidados que tradicionalmente lles foi asignado ás mulleres e que segue sen valorarse nin recoñecerse. Cremos que é imperativo que reflexionemos sobre a necesidade de recoñecer e redistribuír equitativamente a carga dos coidados. Reclamamos políticas que apoiem a conciliación laboral e medidas que fomenten a igualdade no fogar e no traballo.

**Ben común.** Cando as mulleres teñen igualdade de acceso e oportunidades no ámbito laboral, non só as beneficia a elas individualmente, senón que tamén contribúe ao benestar xeral da sociedade. Os estudos demostran que a diversidade no lugar de traballo non só é ética, senón tamén economicamente rendible. As empresas e organizacións con liderado diverso tenden a ser máis innovadoras e resilientes. Polo tanto, esiximos investir na igualdade como acto de xustiza social e estratexia intelixente para promover o ben<sup>2</sup>. A brecha salarial segue sendo un claro expoñente de desigualdade, situándose no 18,7%<sup>3</sup>.

**A importancia da Educación.** Na educación tamén existe a brecha de xénero. As mulleres adoitan estar vinculadas a estudos académicos ou formación relacionada cos coidados, como son a enfermmería, o apoio doméstico, a limpeza, a educación... Ademais, as mulleres que se atopan en ámbitos lóxico- matemáticos como son enxeñerías etc., en moitas ocasións teñen que demostrar que son persoas válidas e que merecen estar aí. Por isto, reclamamos que se fomenten as capacidades de cada persoa, o acceso igualitario a unha educación de calidade, desde a educación primaria ata a formación profesional e universitaria, sen importar o xénero, como paso crítico para romper os ciclos de pobreza e desigualdade.

Para lograr avances significativos, é esencial que os gobernos, as empresas e a sociedade colaboren na posta a punto de políticas e prácticas que promovan a igualdade. Só entón poderemos alcanzar un futuro onde cada muller, sen importar a súa orixe ou circunstancias, teña a oportunidade de desenvolverse plenamente e contribuír ao ben común.

**O papel da muller na Igrexa.** ITD súmase á reivindicación dun grupo cada vez máis numeroso de mulleres cristiás, que desde o movemento “Revolta de Mulleres na Igrexa” veñen esixindo cambios profundos: “Nós non é que sexamos mulleres que se foron da Igrexa, non, non. Somos mulleres cun compromiso activo dentro dela, pero reivindicamos ter voz e voto nas estruturas da Igrexa e incrementar a participación na toma de decisións”<sup>4</sup>.

<sup>1</sup> [Observatorio de Igualdade e Emprego \(OIE\)](#)

<sup>2</sup> Diversidade e Liderado: Un binomio clave que hai que reforzar.

<sup>3</sup> [OIE - Observatorio Igualdade e emprego](#)

<sup>4</sup> Pepa Torres, teóloga. Celebración del 8 de marzo en 2023, [vía El Confidencial](#)